

## ESPECIAL MEDIO AMBIENTE



# Evidencias do Cambio Climático en Galicia

A Consellería de Medio Ambiente pon a disposición dos cidadáns na súa páxina web, os estudos que se están a realizar sobre as evidencias deste fenómeno no marco do proxecto "CLIGAL"

A Consellería de Medio Ambiente ven de poñer a disposición dos cidadáns na súa páxina web, os resumos dos estudos realizados por diversos expertos para analizar as evidencias do cambio climático en Galicia no marco do proxecto Cligal.

Este proxecto está incluído no Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático, posto en marcha pol. Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, co obxectivo de fomentar a investigación e a sensibilización sobre este tema e mitigar os efectos do cambio climático en Galicia.

Así, no eido da investigación estanse a realizar diversos estudos abordados de xeito multidisciplinar e interinstitucional, para integrar a información, os coñecementos e a experiencia de diversas institucións e centros de investigación e que permita determinar as evidencias e impactos do cambio climático no ámbito terrestre e no mariño, agrupados todos eles no proxecto Cligal.

Os interesados poderán ter a súa disposición os documentos que se están a realizar no marco do proxecto Cligal dentro da web do Sistema de Información Ambiental (SIAM), ao que se pode acceder a través da páxina da Consellería de Medio Ambiente, (<http://www.medioambiente.xunta.es>). O obxectivo xeral do estudo é a determinación de evidencias de cambio e impactos en Galicia e os posibles impactos deste fenómeno noid e causar.

### Ambitos de estudo.

O proxecto require unha



"Vale máis o bo tempo, que o bo labrego". É un vello refrán galego. Debe ser dos poucos que seguen tendo sentido nos nosos días. Botar as mans a cabeza non resolve o problema.. Xa é hora de actuar!

abordaxe multidisciplinar e interinstitucional que integre a información, os coñecementos e a experiencia acumulados en diversas institucións e centros de investigación e que permita a determinación de evidencias e impactos no ámbito terrestre e no mariño.

Dende esta perspectiva o proxecto contempla os seguintes ámbitos ou áreas de estudo: a meteoroloxía e clima, o medio terrestre, a oceanografía e medio peláxico, e a economía e os efectos do cambio climático nos sectores produtivos.

Estes grupos de traballo, coordinados tecnicamente pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, están integrados por investigadores das universidades de Vigo e Santiago, da unidade de Meteogalicia e o Cnam, do Centro Forestal de Lugo, do Instituto de Investigacións

Agrobiolóxicas de Galicia, do Centro de Investigacións Mariñas, da Consellería de Pesca, e do Instituto Español Oceanográfico.

A nova documentación que desenvolva cada grupo de traballo engadirase periodicamente ao portal de Cligal, co obxectivo de ampliar a información e o coñecemento científico sobre o cam-

bio climático e as súas evidencias aos investigadores e ao público en xeral. Na actualidade os usuarios xa poden acceder aos resumos dalgúns deles no apartado de "novidades" da web de Cligal.

O portal presenta, no ámbito meteorolóxico, información dos estudos realizados sobre a evolución das precipitacións e das

temperaturas extremas en Galicia dende 1950, nos que se analiza se o cambio na distribución intrainual da chuvia tamén se traduce en variacións na frecuencia dos días de chuvias, e a frecuencia anual e estacional de tempe-

novos información engadirase ao portal de Cligal, para ampliar o coñecemento científico sobre o cambio climático

raturas extremas máximas e mínimas, ademais dunha análise sobre as tendencias dos valores extremos diarios da temperatura e precipitacións en Galicia durante a segunda metade do século XX.

No apartado de ecosistemas mariños, a web ofrece datos dos estudos que se están a realizar sobre a influencia dos cambios climáticos nalgúns especies de peixes como sardiña se anchoas; as variacións dos ventos do norte nos últimos anos; o aumento da temperatura das augas superficiais dos océanos debido ao quecemento global, e un vídeo do ciclo anual da temperatura superficial do mar de Galicia durante un ano.

No ámbito terrestre, incorpórase unha avaliación da seca meteorolóxica a escalas bimensuais en Galicia, no que se tiveron en conta as características dos eventos de seca meteorolóxica que afectaron a Galicia nos últimos 46 anos.

## Esforzos nacionais e internacionais

Ao longo dos últimos anos fóronse acumulando evidencias de cambio climático e dos impactos sobre diferentes sectores e sistemas. Estanse realizando substanciais esforzos nacionais e internacionais na loita contra o cambio climático a través de accións de mitigación, isto é, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) á atmosfera e

promovendo o seu sequestro. A pesar diso, o obxectivo último da Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático, a estabilización das concentracións atmosféricas de GEI esta lonxe de alcanzarse e existe un consenso científico amplo sobre os futuros escenarios de cambio climático para os próximos decenios. Por iso, as accións de adap-

tación ao cambio climático que se proxecta, e cuxas primeiras evidencias xa se observan, considéranse absolutamente necesarias e complementarias das accións de mitigación. Mentres que as accións de mitigación requiren unha resposta conxunta e coordinada a nivel internacional, reconécese que as accións e iniciativas de adaptación deben ser definidas e implementadas a nivel nacional ou rexional, pois os

impactos e as vulnerabilidades son específicos de cada lugar. Neste contexto, deseñouse un marco de actuación dirixido á xeración de coñecemento útil para o deseño de estratexias de actuación fronte ao cambio climático en Galicia. A propósito de existen programas a nivel nacional coordinados pola Oficina Española de Cambio Climático (OECC), orientados a promover a xeración de datos, ferramentas e

información relevante para o desenvolvemento de cada evolución de impacto, o presente proxecto centrarase na obtención de coñecemento a unha resolución tal, que permita mellorar a capacidade de deseño de estratexias de adaptación en Galicia, con respecto á que se obtería mediante a utilización da información obtida por estudos equivalentes realizados a unha escala espacial superior.